

A CARON DAS ELEICTIONS DO CENTRO GALEGO

Ningunha persoa sensata e meianamente informada, deixa xa de recoñecer que a tradizoal sangría emigratoria do país galego remanece caseque de xeito total, da imposibilidade de superar os baixos niveles económicos namentras Galiza fiquede domeada polo parasitario centralismo mesetano, devorador das enerxias vitales do noso povo e fador de ermianante do endémico atraso peninsular.

Os galegos emigran pra se ceibar dun meio estruchador, onde runfan a inercia gobernante, o señoritismo iñorante e curso, o caciquismo, o atraso e a rutina; e velahi que, cando pode desenrolar sin tales rémoras a sua capacidade creadora, acada logros insospeitados que poñen doadamente de releu todo o pulo vidal xacente no ámago da nosa raza.

Nova York, a Habana, Montevideo, Caracas, México e sobór de todo Bos Aires, coñecen ben a densidade humán, o anxeio e capacidade de superación do home galego, que ademais de loitar en percura do seu ben estar persoal, soupo adicarse a crear institucións recreativas culturais, patrióticas mutualistas, etc., caseque sempre movido por un romántico senso idealista e como unha positiva reación, moitas veces inconsciente, contra o meio abafante que o alonxara dos seus propios eidos. E' certo que moitas distas entidades tiveron e aínda teñen unha vida precaria e non acadaron en labores concretos e realizacións positivas, tódolos ouxetivos fixados polo seu quefacer societario, ceccais por ser moito máis ambiciosos do que a capacidades humán i-económica podían permitir, mais compre non embargantes destacar, que as aportacións feitas polas colonias galegas da emigración encol de distintos e importantes aspectos de progreso, da cultura e do despertar da conciencia nacional do noso país, foron sen dúvida algunha de trascendencia histórica.

Unha verdadeira lexión de homes de acción societaria, constituiron en todo intre os guieiros das nosas sociedades representativas a cuio engrandecemento e perfección se peron adicar días e días, anos e anos. Soldados dunha evanxelizadora cruzada patriótica, venise moitas veces precisados a librar verdadeiras batallas de labor sagreficado e tesoneiro, nas que gastan tempo e diñeiro e as que caseque nunca reportan galardóns ou recoñecimento, o que non é oústáculo pra que constituían unha forza invalorable de orgaizada potencialidade.

Velahi pois o segredo do progreso i-engrandecemento das institucións galegas. Mais como non hai régoa sen execución, perellamente ó meritório labor que sinalamos, realizado caseque sempre por homes de modesta condición, hai outros emigrantes, galegos polo menos de nacemento que endexamais se lembraron da sua Terra de orixe, de onde emigraron por necesidade e de que existían entidades de be común, moitas das cales aitian en procura de que desaparezan as causas que fornecen a emigración, o atraso económico e a escravitude da nosa patria; que tamén é a deles inda que a non merezan. Ise, galegos "prácticos e ben asisados", soio se ocuparon en se procurar bens de fortuna, con ausoluto e total esquecemento de canto non fora o seu propio intrés, o seu propio egoísmo. Moitos foron os que lograron coneretar seus afáns de gañar diñeiro, mais temén acabaron parellamente por anular canto de vaor humán tiñan de nantes; pois o exercicio profesional da avaricia rematou por metalizalos, trocándose en indianos déspotas e iñorantes.

Tal o caso acontecido na nosa meirande institución o Centro Galego onde un fato distes fahendosos indianos, esgrevios descoñecidos na coeitividade, á que endexamais se achegaron pra lle aportar nada positivo, prestándose a oficiar de incondicionales testaferos, da financia que ten a Galiza apreixada nun rexime ditatorial, aproveitando un deseoido circunstancial de masa societaria, lograron fai dous anos empulserar nos postos directivos da entidade, mostrándose dende entón como se foran providenciaes salvadores, millor dito seus amos; cando en realidade viñan cumprindo unha traicioeira labor destructora pondo o servicio da antipatria, particularmente n tocante o arrequentamento i-eixaltación dos vaores culturais de Galiza, onde o Centro Galego viña cumprindo unha tarefa de auténtica xera-queia, que lle habia doado pdestixio e sona en todolos ambitos inteleitoaes tanto na Terra como na emigración.

O "bienio negro" padecido pola coeitividade ó traveso da sua meirande institución, danos a pauta de a onde poden chegar certos individuos carentes das mais elementales condicións inteleituales e patrióticas; que se achegan as nosas entidades co solo ouxetivo de satisfacer non somentes vaidades persoales, senon tamen intrases alieos a Galiza e os galegos; prestándose de paso a facer táboa rasa de todo canto construíron con sagrefizo os patriotas idealistas e que eles, por insensibilidade e iñorancia non logran interpretar. Soio así se explican os dous anos de agravios permanentes feitos a Galiza coa ostentación de bandeiras e cadros, cuia soia exhibición ofende a nosa dignidade de galegos e homes libres, posto que simbolizan atraso, persecución, tiranía. Como os pretendidos homenaxes feitos pra honrar a Rosalia e Castreio levados a cabo por quéns parellamente deshonoraban á Terra que eles prestixiaron co seu talento e patriotismo.

Non, a coeitividade non pode estar rexida por homes que amostren publicamente o degradante oficio de testaferos, instrumento da antipatria, como doadamente se amostrea ó traveso dunha "solidada" firmada por un fato de sociedades hispanas, cuia incalificabel torpeza levounas a tomar pública intervención a favor das agrupacións entreguistas nas derradeiras eleccións do Centro Galego.

Quén son e a quén representan isas sociedades españolas, reacionarias e decadentes, onde somentes runfan a verbosidade grandiloquente e declamatoria, como si ese fora o único atributo vivo que lles queda?

Conque direito deixan de auservar unha obrigada prescendencia como o impoñen elementales normas do respecto que o goberno das institucións alieas deben merecer, meténdose en custións que solo a nós os galegos nos intrasa, pondo en práctica a ridícula pretensión de nos ordear o que debemos facer?

O resultado das derradeiras eleccións do Centro Galego de Bos Aires son unha verdadeira lección de dinidade e de bon senso dado pola nosa coeitividade a quén se achegan a ela coa maliciosa intención de se aproveitar do seu caudal societario pra polo ó incondicoal servicio dos nemigos seculares do noso povo. As nosas entidades teñen finalidades precisas e concretas que desenrolar e somentes a nos os galegos nos compre o deber i-o direito de dispór do seu goberno como millor de acomode as necesidades i aspiracións da nosa Patria que é por se aínda non-o saben: Galiza.

A NOSA TERRA

ANO LI

Buenos Aires, Xaneiro 1969

Nº 510

CASTELAO

Castelao é un arquetipo da nosa caste. A sua suxugante persoalidade, ten o feito dos grandes persoaxes da historia. Para os galegos, acada o vaor dun símbolo. Ben podemos dicir que Galiza encárnase en Castelao. Aínda non é tempo de valorar a trascendencia da sua obra singular, de múltiples facetas, i-enmarcala na sua circunstancia que é a nosa. Pero xa a sua lembranza emoveita o corazón dos galegos alén de credos e idioloxías. Para os que compartimos con ele o ideal i-o sentimento dunha Galiza ceibe, creadora do seu destino, é, entrañabelmente, a nosa prenda, como espesara en ocasión memorabel o gran poeta Cabanillas, i-é bandeira e loita, paradigma e fito.

Castelao foi un esceicional escritor i-artista, un esgrevio humorista. Tencionou diferentes xéneros literarios, i-en todos eles deixou a marca do seu talento, da sua orixinalidade creadora. A obra literaria i-artística de Castelao, acada unha profunda dimensión social, beta da que carés coasi toda a literatura penin-

sular. Escrita nunha prosa viva, requintada, i-a ves popular, que rexouba lacerante ironía, morna i-espranzada tenura, fonda de psicoloxías acomprexadas, aínda insuperabel na nosa literatura. Está elaborada coa dór i-a tristura seculares da Galiza que éle atopa, un povo sin esperanza que se desanga na emigración; un povo ben dotado, frustrado pola historia; abandonado a sua inconscencia, orfo de misión algunha no mundo, e reducido a tristísima condición do que é si imaxe nin relembró. Cobra vaor de testemuño, denuncia do viver angurioso do povo galego, condeado fadadamente a miseria espritoal i-a fame por un Estado immoral e calamitoso que non xustifica a sua existencia.

Pero isto, que é moito, non abondaría para erguelo no outo pedestal das figuras reitoras. A penosa e desesperante situación secular do seu povo, golpea brutal na sua conciencia hipersensibel e decide, simultaneamente, a sua apaixonante vocación de patriota. Entón érguese na figura máisima, na i-alma mater do movimen-

to político que procuraba unha Galiza distinta, ricaz, progresista e creadora, rexida por si mesma, e déixanos un herdo precioso; o ideario político do noso futuro coeitivo. Deste xeito a sua vida i-a sua obra fúndanse nunha soia entidade inseparabel. A vida i-a obra de Castelao fóronlle adicadas enteiramente á Galiza oprimida que ninguén amou tanto, que a ninguén lle doeu conscientemente como a éle, e teñen un íntimo vencello coa conciencia do povo galego. Velai a grandeza moral do esimio e querido mestre.

Nos anos posteriores á contenda civil, certa cativés intelectual, tenciou cercear gratuitamente a persoalidade integral do gran patriota, e impor, mutilándoo, ao Castelao artista. Tarefa van. A sua vidal semente axiña comenza a dar froitos ben sazoados. Para as novas xeneracións galeguistas, encarregadas de dar liberdade a Galiza nas loitas duras que se aveciñan, Castelao xa é bandeira e fito. Comprobalo, échenos de ledicia e devóltanos ao corazón a esperanza.

O FRACASO DUN REXIME

Por Dr. Ramón Rey Baltar

"Sobre min, o ceo estrelado; dentro de min, a lei moral". (Verbas de Manóel Kant, que serven de epitafio na sua tumba da catedral de Königsberg, oxe Kaliningrado).

18 de Xulio de 1936. Velai a data máis fatídica para Hespaña. Nela encomenzou unha longa noite pecha, sin estrelas nin lei moral. Non e mester recordar o que sucedeu dende ese intre. Patente e ben documentada está a ola sanguiñenta que invadeu a península. Un vento de loucura arrasou todo o que hasta entón era diño de respecto. Non había máis lei que a do máis forte. Forzas estrañxeiras invadiron o noso chan coa soia consiña de matar, matar sen piedade, hasta eistermiñar a semente roxa, que ameazaba os intereses da caste tradicionalmente opresora do povo: aristocracia, milicia, clero, terratenentes e outa burguesía...

¿Quén había desatado todolos maes que Pandora gardaba na sua caixa tráxica? O medo a perder as prerrogativas que sempre tiveron á sua disposición os poderosos cos malos gobernos ha-

bidos na apodrecida monarquía, dende o consentido Carlos IV e do seu nefasto fillo Fernando pasando pola laxeira Isabel II, e terminando co rei felón, que consideraba carne de galiña aos prisioneiros do desastre de Annual, e polo tanto indios de rescate. Isto é o que agora parece que se trata de resucitar, nomeando Príncipe de Asturias ao protexido do caudillismo...

¿E para chegar a este fiñal de opereta fixéronse correr mares de sangue, que deixaron odios por varias xeneracións e fixeron retroceder ao país a tempos da Inquisición, cando se queimaban homes por ideoloxías de liberdade e de respecto humán? E anque agora non se queime a ninguén, condénase a cárcere ou desterro a todo a aquel que contravena as ordes do mandamais. E'dicir, que estamos igual que na Idade Meia. Hespaña quedou retrásada en máis de cincuenta anos no progreso espritoal do mundo, perdendo, ademais, a sua independencia. O noso maior nemigo, o que nos apañoou as migallas do noso gran imperio, o ano 98, ten o seu talón de ferro posto na nosa terra. Bases aéreas de

bombas atómicas, controladas por soldados americanos, e dólares que continuen a restabelecer a economía deteriorada do país, cuia única industria importante é a do turismo, mentras a nosa xente ten que abandonar os campos a vese obrigada a emigrar pra traballar de criados nos países de Europa central, chegando hasta Inglaterra, Canadá e Australia... ¡Fermoso paradiso trouxo a Hespaña a gran revolución nacional, que nos ía a poñer á cabeza do mundo! Nada menos que outro imperio como o de Carlos V. Arriba Hespaña! ¡Cánto mentecato berrou esta idiotéz!...

Pero hai indicies de que se aproxima o intre de render contas. Un cambio, quizais non loxano, adviñase no ambiente... Moitas son as señales que o anuncian. I eisi como as ratas son as primeiras en abandonar o barco que se vai ó fondo, eisi os cartos emigran a outros países máis seguros. E oxe na Arxentina hai gran abundancia de monopolistas hespañoles que mercan Bancos, forman consorcios e tratan de crear industrias que poñan a salvo os intereses habidos quén (vai pax. 2)

HOMAXE A CASTELAO NO XIX CABODANO DO SEU PASAMENTO

Domingo 12 de xaneiro ás 10 hs. no Panteón Social do Centro Galego, na Chacarita
Domingo 12 de xaneiro ás 11 hs. no Pazo Galego do Centro Pontevedrés (OLIVOS)

REVOLDAINA

...O PASADO 27 DE OCTUBRO, a Galiza Emigrada democrática, b...ente o parche ó franquismo hespañol na leira do Centro Galego, Foi unha batalla entre mouros e cristiáns...

Fronte ós galegos estaba a hespañolada toda: 33 entidades, todías elas, cando non?, reacionarias franquistas, entre as que se atopaba o Deportivo Español (¿?). E de recheo, o refugallo dos coitados galeguíños con vocación de tregedores que xa no 66 se pasaran ó mouro... Calisquera persoa sensata se preguntaría, qué pito tocaban as entidades hespañolas nas eleccións do Centro Galego...? Como tocar, non tinan porqué tocarlo, mais tocárono, e de que xeito... I las ben que sabían o porqué...

Diremos que o cartel xeral da gachupinada estaba na "Embaixada"... Aciaemos: non na confitería, non. Na outra... E o comandante en xefe foi o cara de pau de Ramou.

TESTIGOS PRESENCIAIS afirman que, na fatídica noite do descalabro, o Ramou foi chamado a todo bulir, polo amo da "Embaixada" a lle dare conta do desastre... Que o amo fóra de si, mesmo púxo a pan pedir... chamándolle de todo... e que o coitado choraba engrunado como un pecebe...

Pobre Ramou... i Tamén ele, coa sus cara de pau... Quén lle manda metérese nestes fregados...?

Canto máis tranquilo e sen problemas resulta o traspaso dunha pizzeria co seu 3 por 8... 27... e o correspondente papeleo de 3 % mensual? E todo por andar con malas compañías...

Mais a todo isto, o pavelo do conto é, que en Madrid, prometéranlle a este coitado millonario analfabeto que, contra-entrega do Centro Galego ós reacionarios hespañóis, sería condecorado, pola sua faena, cos trebellos e a banda da señora Isabel...

O PLAN ESTABA decamiño:

Casa de España" era a trapela... Nela entrarían as entidades hespañolas máis importantes (todas elas están en creba...) co pimpante Deportivo Español... (¿?) e de contado —ese era o choio— despois das eleccións, que xa estaban ganadas de antemán... (?) chimparr dentro do contubernio gachupín, ó Centro Galego... que mesmo viña sendo o chivo emisario que forneceria de fondos e levaríanse adiante, entre outras cousas, a hespañolada da "Ciudad Deportiva"...

Xa circulaba na pegatina porteña aquela petulante lenda de: "Quando los españoles... nos proponemos una cosa, la realizamos...", con pe do Hospital Español e o Deportivo Español... (?) co gallo publicitario de colocar tídocos patrimoniáis da meneada "Ciudad Deportiva" que, a bon seguro, correrán a mesma sorte daqués malfados da CHADOPIF que a tantos inocentes aforristas galegos pillou...

UN DOS FENOMENOS MAIS pavelos xurdido ó socaire do "Novo orde" (anos 66-68) no Centro Galego, foi a aparición súpeta como hongos nun potrero, dunha pintoresca aristocracia puvana que, constituída en equipo manguero deu orixe a un frenético show de "Canastas Party", "Ceas espetáculo", "Sábado de Bondade" etc., etc.

En verdade, todo este bule-bule... ou pata-pata, qué máis ten?, daba a tristeira sensación diante propios e alleos, de que a anstera Casa Grande dos galegos convertírase nunha Conga...

NOTIZAS DE HESPAÑA dan conta de que a Xunta Xeral do Sindicato Nacional do Ensino, refugou unha proposta sóbor da incursión das lingoas varnáculos nos plans de estudos escolares.

A petición —xa foron varias— provén de Galiza, Cataluña i Euzkadi.

Diremos que a derradeira petición de Galiza con ese gallo, fíxose recentemente nun documento avalado por máis de 10.000 firmas no cal figuran intelectuais, obreiros, campesiños, mestres de escola, sacerdotes, comerciantes, empresarios, profesionais...

E Castela dixo NON...

Castela dixo non e seguirá dicíndoa ós nosos homíldes pregos méntrelos galegos non tomemos estado de conciencia dos mozos dereitos nacionais: de cal é o noso idioma e cal é o deles... dos estranxeiros. Porque o idioma castelán en Galiza, é un idioma estranxeiro que invadiu a nosa Terra, e temos de botalo, máis elo o será coas armas na man, non hai outro camiño...

LOURENZO FRAGOSO

OS ESTUDANTES GALEGOS NA SUA LOITA CO FRANQUISMO

O ano 1968 que finda, o estudantado galego sosteu unha afluída loita coa ditadura franquista en defensa dos seus dereitos estudantis, e definiu a sua posición perante os problemas nacionais da Patria Galega.

A longa sostida folga que colleu marzal e abril, sentou un baril precedente de loita: que non só pelexaba a xuventude pola destitución de atal ou cal funcionario... que era por motivacións máis fondas que denunciaban trinta anos de falla de liberdade.

No petitorio de 5 puntos presentado ó Reitor espresábase con claridade: 1º) Renuncia do Decano da Facultade de Ciencias; 2º) recoñecimento dos representantes estudantis i entrega das cotas da Facultade de Ciencias; 3º) Tirar as denuncias contra os delegados de Ciencias; 4º) Inmunitade académica; 5º) readmisión dos delegados expedimentados.

Non foi un feito illado pois sumáronse os estudantes de Vigo e outras cidades así como a solidariedade do proletariado galego.

O hino "Venceremos Nós" e o lema, "Galiza Ceibe", fálanos dabendo dun estudantado orgaizado, fondamente galego, cobizoso do desenrolo económico-social e de liberdade do país galego.

Fasan os meses... A folga é unha lembranza, un precedente de loita... Sempre se está a loitar...

Estamos en xulio.

Tres estudantes composteláns que viaxan nun coche, volcan, e os civís, atraguidos polo episodio interveñen... Achanlle pamfletos, Tortúranos e un deles fáia... A

consíña é: "O aito do Día de Galiza é na feira..."

As tropas bótanse á rua afogando a concentración patriótica galega, nembargantes, pesi a todo, un numeroso fato de mozos non se resíñan i, esporádicamente, xúntanse en diversos lugares da cidade entoando o hino galego i enchen as paredes de carteis coa lenda de "Viva Galiza Ceibe"... E outro tanto sucedeu en diversas cidades do país.

Con moito aquele oficial, anunciouse unha conferencia a sere ditada por un "prestixoso" xeneral de exército hespañol... no Salón Nbre do Circulo Mercantil de Vigo.

A salón cheo, con moita mocidade, estaban ali presentes, ademais das autoridades locais, o gobernador da provincia e outras xerarquias de releu do réxime. Todo un acontecemento.

O tema a desenrolar polo Xeneral-conferenciante era por demáis suxestivo: "Ejército y Pueblo". E non ben o xeneral abriu a boca, a maioría dos concurrentes, un centenar de mozos, sen pronunciaren verba, abandonaron o salón diante a furia do xeneral quen, fora de si, chamoulles "bastardos separatistas"...

Así as cousas, (a conferencia era nos altos) ó chegaren os mozos á rua, atopáronse que a porta de saída estaba bloqueada por unha forte doulação policial que teimaba obrígalos a asistir en á interrumpida conferencia...

Houbo pelexa e trece mozos detidos.

Manoel Mera

MOITAS GRACIAS RAMOU

Un dos males de mais negativa incidencia en contra do progreso das institucións da coletividade, constituíuno sempre sin dúbida, o minifundismo societario que esnaquiza o verdadeiro poder social i-económico que realmente atesoura. Moitas son razóns que dan orixe ó verdadeiro estrago de enerxias económicas, humanas e de toda clás, que do devandito minifundio remanece e moitos foron tamen os patrióticos intentos de lle por remedio, pra que as tarefas a cumprir polas institucións galegas, poidera acadar sinificativa importancia cara a Galiza, á sua cultura e a sua emancipación económica social, parellamente o seu pleo desenrolo deportivo-social e recreativo.

Máis desgraciadamente tódolos intentos fracasaron por causas que non compre analizar na brevedade distas liñas. Pero velei que un dos aspectos máis negativos do divisionismo societario coletivo, as loitas eleitorais do Centro Galego, que foron cáseque sempre o meirande factor disociador da coletividade, pola paixón que en todo intre se ten posto en lograr o apoio da masa societaria; dende fai dous anos pra eiqüi trocou de xeito tan radical, que os homes, e as Agrupacións en que militan non parecen as mesmas.

Como foi posibel que após de tantos e ben tencioados movementos encol da conxunción agrupacionista, que non callaron en nada positivo, se teña conquirido da noite pra a mañan xunguilas nun bloque pecho de unión fraterna encol de comúns ouxetivos, que amostraron doadamente o traves da victoria conquistada nas derradeiras eleccións, que ise é o verdadeiro roteiro a seguir.

Elo débese ó resultado da presenza na escea eleitoral dun home miragroso. Si señores, así como, soa, un home miragroso. O que ninguén conquireu botando mandas máis valedieiras motivacións, logrouno ele coa sua soia postulación o goberno do Centro. Ramou: velahí o noso héroi unificador! O que nos obrigou a estreitar ringlas e promover ó goberno da nosa meirande institución ós homes máis capaces de cada Agrupación, que denantes quedaban marxinaados polos resultados eleitorais, có que lle prestou a entidade un sinificativo servico e lle amostra ó resto das nosas institucións, que soio conxuntando labours e vontades, poden vencerse tódolos oustáculos que se poidan presentar.

Que Ramou é un home apaixonado pola unión da coletividade iso ninguén o pode duvidar, mais ele non era ista a unión que procuraba;

millor dito compre acrarari ele non tencionaba unir senón "xunguir", que non é o mesmo. Pero velahí que como o noso home disto sabe moí pouco, trabucouse nos procedementos; en vez de nos xunguir nuha reata pra nos entregar indefensos como quen entrega un trofeo os pes dos seus "amos", cales eran as suas gabanciosas intencións; fíxo mover na contra sua a tódolos galegos dinos e ahí esta o resultado: o probe Ramou, como Boadil el Chico, chorou impodente a incomprensión e ingratitudade dos seus paisanos, que non souperon decatarse que ele é o verdadeiro bandeirante dos anxeos "realistas" da nosa emigración.

Patencia Ramou! Que o seu ben ispirado movemento "realista" non foi doadamente comprendido diso non cabe dúbida. Mais non todos somos ingratos e nos estimamos en todo o seu vaor o gran favor que lle prestou á coletividade ó lograr unir os homes de ben na defensa das nosas entidades coletivas; emporio que en proba de agradecemento, non lle imos erguer unha estatua porque os nosos "negocios" non dan pra tanto, pero iso si, un retratino de corpo enteiro pra pendurar nas paredes do Centro, non lle vai faltar.

O PROGRESO ESPAÑOL

E ben sabido que a mocidade española sigue fuxindo do chan natal en percura de máis gratos horizontes, coa mesma intensidade, coas mesmas arelas conque o facían nos millores tempos da Monarquía. E porque non de clo?... co mesmo bagaxe preparatorio dantes. Antes foi América a terra eleixida polos viaxeiros de terceira; hoxe a corrente emigratoria ten outros destínos: os diversos países de Europa. Niste senso, Galiza sigue figurando no primeiro posto na esportación de material humano, mesmamente coma nos tempos de meirande éisodo.

Parez que o asunto non ten remedio na desventurada España, donde os problemas económicos sociaes siguen arraxándose dun úneco xeito: marchándose e deixando marchar. E gobernantes e infuientes no desenrolo do país asisten con escandalosa insensibilidade ó triste e vergoñoso espektáculo da deserción da masa traballadora do ámbito peninsular. E máis, o goberno axexa ledo como se equilibra a balanza de pagos coas divisas que remesan do exterior os traballadores españoles para axudar aos familiares que quedaron no fogar.

Os camiños peninsulares atópanse inzados de xentes loiras, pretas ou amarelas, procedentes dos cinco continentes, falando tódolos idiomas do mundo, en percura de cór ambiental e da queutura climática. (Digamos que os turistas non son sempre multimillonarios, na maioría das vegadas son obreiros ou empregados). En troques os aspañóis non poden viaxar a ningures como non sexa en calidade de emigrantes, e teñen que presenciar con envexa a recreación dos estranxeiros. Iso de facer turismo e pra xentes fartas e contentas.

O máis regresivo espírito español do meioevo háchase ben representado na actual dictadura militar: a mesma soberbia, o mesmo desprecio e o mesmo rigor cara a masa popular, de xeito que ali o pobo non significa ren. Na España somentes siñifican os

señores latifundistas, cargados de pergameus —case sempre luxados—; os grandes industriais, pagando xornas miserables a probe xente, que ou se resíña ou se liscaxa; i a Eirexa que persiste nun papel antipopular de aconsellar paleiros os que teñen o etómago valedieiro prometendo en troques as consabidas cousas pra despois de mortos. Parez que a úneca misión distes señores, a nome de Cristo, é a de axudarnos a ben morrer desde que nascemos. (Poida que existan escepcións).

FOI HOMAXEADO MANOEL CORDEIRO

O sábado 23 de novembro pdo. tivo lugar no Centro Coruñés un agasallo oferescido a Manoel Cordeiro polo seu labor en permanencia a corón do quefacer galego na nosa coletividade.

Cordeiro é un home sinxeio. Bon amigo e bon galego, que leva a Galiza no seu corazón... I espresáso doadamente cantando e pintando... E derogando afluzaadamente unha Galiza millor, unha Galiza nova, próspera e ceibe, dona dos seus destínos.

Este, en síntese, é o home que se agasallou no Centro Coruñés.

Diremos de paso, que este home i este agasallo tan merecido e que concitou tanta simpatía e adhesión, lévanos a teimar nesta nosa coletividade tan ingrata, "devoradora de homes" que dixera Castela, que se non detén a recoñecer méritos, i estimularlos, de homes que, cáseque sempre silandeiros no sua entrega a Galiza, non piden ren, e así como chegan, comprida a sua labouira coa Terra, desaparecen...

Estaban no homaxe, directivos da Irmandade Galega, dos centros provinciais, de Residentes de Vigo, Casa de Tui, Lestrove, Coro Breogán, agrupacións "A Terra", "Galicia" e "Breogán", como tamén os directivos do Centro Galego señores Alfonso Rebo-

O úneco de que poden gabarse as autoridades de Madrid e de posuir o aparello represivo máis ben orgaizado, que resiste comparación cos máis crueldes e violentos do mundo. Iste corpo está disposto a atuar con man dura e firme diante do primeiro asomo de protesta popular. O privilexio está ben defendido.

Nun país que se dicta a lei a mallo limpo o símbolo que millor lle aquece e un pau nudoso, duro e longo.

ANTON GOMEZ

reda, Expósito Poceiro e Sanches Millares, e polo Correo de Galicia, Don Manoel Puente.

Os postres, oferesceu o homaxe o señor Valentín eFrñández presidente do Centro Coruñés, eisaltando a personalidade do homaxeado i, en nome da entidade ofertante fíxolle entrego dunha mañifica colección de libros galegos e dun artístico retrato do agasallado, realizado e oferescido polo prestixoso pintor galego, ali presente, Marcos de Abeleda; dunha artística plaqueta de prata oferescida polo señor Camilo Piñeiro, e unha fermosa carpeta de coiro regalo da señora Isolina Cordeiro, irmá do homaxeado.

Vivamente emocionado o agasallado, agradeceu os ousequios e a presenza da numerosa concurrencia que enchía o amplo salón Manoel Murguía do Centro Coruñés.

MONUMENTO A CASTELAO

Recentemente foi constituída a Comisión Pro Monumento a Castelao, a que terá ao seu cargo a tarefa de todo o que tanxe á realización deste proxecto, e que será erixido na praza que leva o seu nome, nesta capital.

A este homaxe de perpetuación da lembranza do noso esgreivo compatriano, engádece outro loadeiro propósito, de editar unha ampla biografía dele, na que conste ademais os seus anxeos patrióticos e políticos e todo canto deu abranxe trascendental á sua obra.

Dita Comisión áchase composta da seguinte maneira: Presidente, Manuel Puente; Vice-Presidente, Rodolfo Prada; Segretario, Valentín Fernández; Prc-Segretario, Xosé Vicente Martínez Romero; Tesoureiro, Xoán Manuel Pérez; Vocais: Son todos os representantes dos Centros provinciais, Irmandade Galega, Federación de Sociedades Gallegas e institucións afíns a este quefacer patriótico galego.

ven pax. 1)

sabe de qué maneira. E seguiu se murmura outros persoaxes moí achegados á situación son os principais axentes de tal fuxida.

Volvemos pol-o tanto, como diría un xurista, a "follas cero" Hai que encomezar de novo a recorrer o calvario que nos conduxo á aurora do ano 31. Pero agora, coa esperiencia por mestra, a cousa non vai a ser tan risosa como denantes. ¿Qué sucederá? Grandes nubarróns aparecen por ourente. ¿Convertirase Hespaña noutro Vietnam? O coloso do norte, unha vez que pon a sua pouta sobór da presa, é difícil facerlla soltar. ¿Serán os marines os que decidan a cues-

tion? ¡Pobre Hespaña! Tras a noite pecha, sen estrelas e sen lei moral, que ven padecendo dende fai máis de trinta anos, atópase eisposta a voltar á época das cavernas, si e que unha bomba de hidróxeno non a reduce a cinzas en calquera momento.

¿Qué todo esto que digo é un verdadeiro absurdo, propio dunha paixón que ennegrece os tintes? Ogallá me equivoque, ogallá todo sexa color de rosa e amable, como nos mellores tempos; pero moito me temo que isto non sucederá endexamais, sobór de todo, namentras non se cumpran as verbas do gran filósofo alemán: "Sobre min, o ceo estrelado; dentro de min, a lei moral".

Encol do Noso Problema Político

A lus dunha nova lectura, a "Teoría do nacionalismo galego" publicada o ano 1920 por Vicente Risco, ten envellecido dabondo, é ambigua e contraditoria no seu punto culminante, onde se require a maior claridade e precisión. Isto é consecuencia de reeditar textos avalados só pola firma dun autor prestixioso, como neste caso, sen unha sempre necesaria revisión. Todo envellecido neste mundo, e aínda máis, cando se trata dun texto que sigue a liña ascendente dun movemento político de carácter patriótico, como é o galeguismo. Lóxicamente, encol do noso problema fundamental, posteriormente teñense dito cousas máis completas e precisas. Do mesmo autor, fora mellor recurrir "O problema político de Galiza", onde —se a memoria non nos é infidel— o seu pensamento político cobra verdadeira fisonomía.

Non é noso propósito enfrasarnos agora nunha crítica encol da dita monografía que tivo no seu tempo fonda transcendencia e marcou un fito na evolución do movemento político e patriótico a prol da autodeterminación de Galiza. Semellante cousa non serviría para ren. Vai sendo hora que a teoría i-o pensamento político de Galiza xa dabondo madurecidos, comencen a trocarse en acción e decidida loita. Vivimos tempos de acción i anecemos dunha vegada facer realidade os ideais máis caros á nosa vida. Sabemos e sentimos que a nosa única patria é Galiza. Mais para acadar a ser unha verdadeira patria, debe ser incuestionabelmente ceibe.

Toda coincidencia madura do ser galego —o de outro povo— desemboca sempre no nacionalismo. Mais, conveñamos, o nacionalis-

mo resulta unha posición arriscada, de dramática alternativa, pois significa o compromiso de dar independencia política i existencia real a nosa patria, que, asoballada, oprime, e agora un nome xeográfico. Decimos que o nacionalismo, que para nós supón dar independencia política a un país como o noso —o nacionalismo xa non compartimos—, é unha posición arriscada de dramática alternativa, por unha razón sinxela. O dereito natural, non existe, ao parecer, na historia. Porque ningún Estado cede parcelas de terra que considera suas historicamente, nin siquiera, a vegadas, de boa gana concede lizgairas atribucións de índole administrativo. Fronte a esta posición irredutíbel, éruese outra tamén irredutíbel: a do povo asoballado, que na toma de conciencia nacional —a rebelión nace dunha toma de conciencia— aspira a conquistar a súa liberdade. Entón, non lle fica a este povo outra alternativa que a loita.

Hai xentes que diante de semellante alternativa, sen vaor suficiente para enfrontala como corresponde, pasándose de intuitivos ventadores do futuro, desbotan o nacionalismo como etapa superada da historia. O mundo, din, camíña deica a súa unificación; daquela a súa proclamação actual tende a desaparecer definitivamente. Nós imos máis lonxe. Cecais no mundo futuro, a ciencia pode vencer ao arte i-até á especulación filosófica, e deste xeito, sufrirá a cultura. Pode ser que a técnica, levada pola man da ciencia, faga da vastedad do mundo, unha pequena Galiza, i-o sentimento de patria estingase. Mais, cando ese caso chegue, abranguerá a tódalas patrias e,

sentirse francés ou hespañol, o mesmo que galego, certamente será un anacronismo. Pero aventurarse n-atál hipótese, na que aínda non cremos, para decapitarnos politicamente, é querer escurrirle o bullo a esa dramática alternativa e treicionar, por cobardía, os ideais esenciaes da nosa vida.

Velai, ao noso ver, o pranteamento esaiito do problema fundamental de Galiza.

Polo d-agora, a soberanía política ou chámase como se queira, a autodeterminación dun povo, e a condición previa para que un país sexa integralmente e teña a posibilidade de resolver os seus problemas. O dito, vai como axioma histórico. Por elo, refugamos de antinacionalista e carente de realidade histórica, esta afirmación de Risco na súa devandita "Teoría", o mesmo que aos intelectuales que se ven en Galiza unha enxada cultural: "unha nación pode ser tal nación sen autonomía de ningunha elás, sempre que o sentimento nacional sexa forte d-abondo. En troques a mesma independencia política non abunda pra faguer unha nación".

Non; é a partir da autodeterminación cando un país comenza a ser. A autodeterminación política é a espiña dorsal que sustenta a estrutura dun corpo nacional. Precindir dela, é condenar a un povo á súa desaparición, ou a a vexetear na indolencia letárgica do inconsciente. Crear unha vida i-unha cultura propias, é infinitamente máis complexo do que un fondo sentimento nacional, por moi fon isimo que éste sexa.

B. Souto

¿QUE E ESPAÑA?

por Bieito Cupeiro

Pra poder e locar con criterio esaiito e realista o verdadeiro panorama da actual estrutura política administrativa do Estado español é mester de lles dar as verbas o seu verdadeiro vaor semántico reitificando os tópicos enganosos e malintencionados o uso, tales como: Nación española, Rexións de España, Idioma español, Cultura española, etc, etc.

España non é unha Nación senón un conxunto de nacións, Galiza, Cataluña, Euzkadi, Castela... no lexítimo e real significado que lle compre dar ó concepto de Nación, senón un Estado creado por Castela e imposto ás demais con tiranía e contumace resolución. España non ten un idioma nacional. O feito real de que o castelán sexa o idioma oficial do Estado español, non significa que sexa o único idioma que se fala en España, así pois, non é esaiito que sexa o idioma español, senón, "un" dos idiomas españoles. España non ten un arte nacional na infinda gama que iste concepto determina, unha de cuas manifestacións máis expresivas o folklore, por exemplo califica o andaluz de folklore nacional quedando pra os restantes galego, vasco, catalán, etc., a denominación de folklores rexionaes. En España non existe unha uniforme cultura nacional senón a cultura castelán niste caso oficialmente imposta como tal, máis tamen son culturas nacionaes as dos demais países diferenciados da península ineruido Portugal pois iste país tamen forma parte de España de acordo a realidade xeográfica.

A denominación "regiones de España" que pra supir a verdadeira e histórica calificación de "reinos de España" se lles aplica a Galiza e demais países peninsulares, está deliberada e maliciosamente encamiñada a despersonalizalos, xa que o termo rexión o mesmo pode calificar a Galiza que a Sudamérica, á Patagonia ou a rexión dos Grandes Lagos que pertece os E.E.U.U. e o Canadá. Rexión é un termo xeográfico impreciso e vagoroso. Pero aceptemos como valedero o termo rexión. Galiza resulta ser unha rexión de España o mesmo que Euzkadi, Cataluña, etc., i-en iste caso ¿que é Castela? ¿Non é acaso tamen unha rexión de España? ¿Que é verdaderamente España, senón un conxunto de rexións con culturas, xeografías e personalidades diferentes? De acordo a filosofía que rexe dende séculos as relacións impostas polo centralismo castelán ós demais países peninsulares, Castela e España, son sinónimos. O que non é castelán non é español, quer decir que pra ser tal hai que se asimilar a Castela. Ista política de prepotente asimilación foi a que de orixe á separación de Portugal e xermola o separatismo dos demais países diferenciados, o que de feito convirte a ista rexión, presuntamente monopolista do pa-

triotismo españolista, na primeira e máis eficaz promotora das correntes separatistas porque no que a nós os gallegos respecta, non somos casteláns, non podemos ser casteláns e non queremos ser casteláns; e si casteláns i-españoles son sinónimos, de feito non somos, non podemos ser, e non queremos ser españoles.

Resulta unha ridícula necedade pretender afirmar nunha negación o concepto de nacionalidade. Un galego pra ser auténticamente español non pode deixar de ser galego, porque ista condición venlle da raíz telúrica da historia, da súa cultura, da xeografía, e tamen, ¿porqué non?, da súa raza e de todo canto lle bule con pulo vital no ámago do seu ser. Velai o porqué do fracaso secular do Estado español. España diste xeito e un valeiro abstracto non como ten de ser unha suma de concretos: Galiza, máis Cataluña, máis Vasconia, máis Castela. Ninguen é particularmente España, son todos, millor dito Hespaña ou Hispania, si se quer por ser moito máis axetivado a realidade histórica. Monopolizar como dende séculos ven acontecendo o nome e a representatividade do hispanismo, é pechalo nun molde demasiado estreito, millor dito suxétalo nun chaleco de forza, que ademais de facelo odioso pra todos os países periféricos convirte nunha enfeiteira carente de autenticidade. Aqueles que por un mal entendido egoísmo particularista ou falso orgullo tencionan ser os únicos donos dun sentimento de patria, lonxe de procurar estano destruíndo, así pois, non son a síntesis do patriotismo senón en realidade a súa antítesis.

ELEITORALISMO, EMIGRACION E DIVISAS

Pondo en práctica unha torpe manobra encamiñada a sobornar a conciencia da nosa colectividade en visporas das eleccións do Centro Galego, as autoridades da nosa maixima institución, en complicidade coa representación diplomática do réxime falanxista, artellaron unha ben publicitada audición de televisión a "beneficio" da Asociación Cooperadora pro Centro Galego, onde nunha escaea espeitaular o devandito embaixador fixo entrega da suma de cinco millóns de pesetas doados polo goberno de Madrid como querendo amosar unha grande estimanza polos gallegos emigrados e unha xenerosidade diña de loubanza.

Mais eiquí compre preguntar. Era sincera ista estimanza e pretendida xenerosidade da dicadura franquista ou respondía somentes a un móvil oculto de propaganda e coacción electoralista?

Sería certamente un acontecemento histórico, que por primeira vez ó longo de varios séculos de zugar insaciabel o froito creador de Galiza e dos gallegos, o centralismo mesetano dera algunha proba de sincero e desinteresado desprendimento, do que por outra parte, nin Galiza nin os gallegos temos mester; nada pode dar quen nada ten, e se como niste cosa o pretendido "beneficiado" recibe unha mínima parte do que previamente foi despojado, entón a xenerosidade trócase en agravio, pois a perda material hai que lle engadir a bulra que supón tencionar beneficia a quen previamente se perxudica.

A iste respecto compre analizar un aspecto importantísimo da política emigratoria do réxime falanxista que amosra doadamente a súa xenerosidade estudando algunhas cifras tocantes ó volume emigratorio da nosa poboación e as xugosas divisas de que se lucra explotando o drama secular da expatriación forzosa, fomentada e dirixida con rara perfección dende as esferas oficiais. As devanditas cifras son de fonte oficial, estraguidas da derradeira publicación do Ministerio de Trabajo do goberno de Madrid, sección "Instituto Español de Emigración" correspondente a 1964, o cal no volume número 4 páxina 19 di así:

"A seición remesas, abrangue as actividades desenroladas pro "facilitar e controlar" os xiros das remesas que por intermedio de transferencia bancaria e os servi-

cios de Euro Postal Internacional remesan os nosos emigrantes ás suas familias que moran dentro do territorio nacional:

Ano	1959	1960	1961	1962	1963	1964
	2.709.325,25 pts.	177.454.064,52 "	1.139.318,325 "	3.091.894.216,49 "	5.335.839.031,59 "	8.255.805.834,55 "

A distribución por países dos 8.255.805.834,55 pts. correspondentes a ano 1964 é a seguinte:

Alemania	4.326.078.827, — pts.
Austria	8.858.578, — "
Bélxica	104.177.450, — "
Colombia	21.152,35 "
Dinamarca	3.878.638, — "
Franza	2.198.841.930, — "
Gran Bretaña	3.063.171,97 "
Holanda	324.615.288, — "
Italia	31.472.762, — "
Luxemburgo	9.621.279, — "
Marrocos	6.791.116, — "
Suecia	8.287.548, — "
Suíza	1.228.255.393,23 "
Outros países	163.821, — "
Total	8.255.805.834,55 pts.

Velai unha das industrias máis lucrativas de onde o réxime falanxista fornece os recursos con que se nutre o seu aparello de tiranía e oprimeión.

Non son as cifras que deixamos expostas, publicadas nunha revista oficial do Ministerio de Trabajo unha crara confirmación da incapacidade secular do centralismo asoballador?

Os Galegos, e agora tamen os españoles, emigran ós países europeos en procura de xornales que lles permitan ceibarse da fame e a onde tamen "emigran" o mineral de ferro do Bierzo, a enerxía eléctrica producida polos nosos ríos, os caólinos e outras materias primas que terían de ser alicerces de riqueza, de prosperidade económica e de benestar social. Non sería moito máis racional e sobór de todo máis patriótico, industrializar no propio país as riquezas primarias que agora se exportan, pra evitar que o invalorable capital humano que agora enriquece do seu esforzo creador a outras terras máis afortunadas lon teña necesidade de deixar patria fogar e familia?

Isto que tería de ser un degoiro lóxico e normal en calquera país desenrolado, constitúe unha inalcanzable utopía na España centralista, que no decorrer de todos os tempos ten doadamente demostrado ser un total e completo fracaso histórico.

Velai pois de onde matan as "divisas" con que se amostan tan fachendosas as autoridades diplomáticas do goberno centralista. Cando en Galiza existen vilas como Sada, con doce mil habitantes que, apesares de ser residencia de vran do caudillo dictador non teu unha súa de primeiros auxilios, nin escolas e outros elementales servicios sanitarios; preténdese mercar a nosa conciencia co diñeiro producido pola exportación do máis inestimabel capital que calquera país poida atesourar: o home.

IRMANDIÑOS SUSPENDIDOS

A Comisión Directiva da Irmandade Galega, en xuntanza do 7 de outubro, analizou detidamente a situación dos afiliados Antón Suarez do Pazo e Alfonso Souto Corbelle pola súa manifesta colaboración coas agrupacións antigalegas e de siño franquista a

carón do goberno do Centro Galego.

Por unanimidade, a Comisión Directiva acordou suspender nos seus dereitos a ditos afiliados deica a proxima Asamblea Xeral a que serán invitados pra responderen ós cárre os que se lle imputan e, na que se determinara, en definitiva, a súa situación no seo da entidade.

FESTEXOUSE O TRUNFO DAS ELEICTIONS DO CENTRO GALÉGO

Cun gran banquete no que campeou un vibrante espírito patriótico galego, o vernos 13 de nadal pola noite, as agrupacións A Terra Breogán, Galicia e Unión Galega, celebraron a vitoria electoral do 27 de outubro no Centro Galego.

Perante dunha extraordinaria concurrenza que superou o milleiro de persoas, o señor Valentín Fernandez, co seu natural dinamismo e senso de organización soupo dárelle ó aito o entusiasmo requerido a tal acontecemento.

Na cabeceira da mesa estaban presentes os integrantes da X. D. do Centro Galego: presidentes e segredarios das agrupacións pro Centro Galego: representantes dos Centros provinciais galegos; da Irmandade Galega... dos xornais "La Razón", "Correo de Galicia", "Crónica"... e figuras da colectividade: D. Manoel Puentes, D. Pedro F. Prado, D. Xos Neira Vidal, D. Antón Alonso Pérez, D. Daniel Calzado, D. Manoel Martínez Lamela, D. X. Manoel Pedreira, D. Lois Guedes, D. Bieito Cupeiro... os xornalistas Víctor L. Molinari e Antonio Cuadrado e en lugar decaído D. Alfonso Reboreda, que

presidiu o aito, D. Antón Alonso Ríos e Dona Virxinia Pereira de Castela.

Fixeron uso da verba neste magno aito de galeguidade e democracia o señor Manoel Martínez Lamela, pola Agrupación A Terra; o doutor Alberto Adrio, por Unión Galega; por Galicia o fixo o señor Edoardo Pérez e por Breogán, o señor Neira Vidal.

Fechou o aito o Vicepresidente do Centro Galego señor Alfonso Reboreda quén, fixo un vibrante chamado a manter esta maravillosa unión na loita até facer esquecer o malfadado outubro de 1966... e darnos a batalla, definitiva pra que o Centro Galego volte a ser gran entidade galega, prestixio de Galiza e da nosa colectividade.

P N O ENXUZADO

O xuíz militar de Pontevedra ordena a súa prisión en carcer pra sere enxuzado por injurias ó exercito o pintor Xavier Pou-a.

O arte o "oi fito no intre mesmo que este coñecido pintor facía unha exposición de gravuras na histórica cidade de Tui xunto con outros pintores galegos e tamen "furo" detidos e logo postos en liberdade.

O POBRE RAMOU

O pobre Ramou anda moi doente, e no seu "Candil" bradando está sempre.

Un "Candil" fedento, que se di "de España", onde Ramou verte auga envexigada.

O pobre Ramou como che é tan parvo, luxiga o "Candil" coitando lustralo.

Co chasco sofrido coas eleccións, adoeceu tanto, que mexa areóns.

Con brados de besta bota a mexarreira, e fai do "Candil" lairina de feira.

Brada ben, Ramou, e chimpa areóns; con iso non gañas unhas eleccións.

O Pensamento Vivo de Castelao

A NOSA

TERRA

★ REGISTRO NACIONAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (en trámite) ★
Redacción: AVENIDA BELGRANO 2186

Cecáis nos pregunte algún escéptico, varado para todo afán renovador: "E qué pensades facer coa liberdade que reclamades?" A resposta sería tan longa que non pode ser formulada por un lame, porque a liberdade pedimola unha nación, e os anxeos dun povo son infundidos no tempo; pero, ademais, non se lle pode conceder a ningún o dereito de interpelar con semellante pregunta a unha nacionalidade privada de vivir a súa vida.

Un escritor portugués estudou e defendeu o nacionalismo galego como reivindicador dunha das máis recuadas afirmacións colectivas de Europa. Este escritor advirtunos que "val moito máis unha irrecusable soberanía do espírito que unha precaria soberanía política". Tal aviso sería oportuno se nós entendéramos o galeguismo como un simple degoiro de benestar económico i esqueceráramos a recuperación da nosa personalidade espiritual. O galeguismo é algo máis que unha realidade; é tamén unha arela de creacións moraes, e non pode caber no reducido marco dun programa político ou dunha Lei promulgada. Un Estatuto autonómico que nos impide resolver os problemas de dimensión nacional e que nos pechase os horizontes da civilización atlántica — na que pretendemos ser faro luminoso — sería unha arma suicida. Non esquezamos que é preferible vivir forzosamente sometidos a unha tiranía allea que vivir sen esperanzas, baixo unha tiranía propia. Nós temos dereito a refugar as tutelas; pero a condición de nos sentir capaces de resucitar a un povo para que pronuncie palabras que ningún outro povo podería pronunciar no seu nome.

Un grande político da República — defensor das autonomías rexionais — dixo que Castela non precisaba un Estatuto autonómico porque tiña que falar en nome de todos os povos hispanos. E eso si que non. En nome de Hespaña fala o seu Goberno lexítimo ou fala un gran hispanol — que pode cecáis ser castelán e que non necesita ser gobernante; — pero en nome de Galiza falará Galiza, como en nome de Cataluña xa fala Cataluña. Estamos fartos de imperialismos e os demócratas non podemos aceptar máis que unha igualdade de dereitos para os cidadáns e para os povos.

Tamén se intentou chamarlle "idioma hispanol" a lingua de Castela. E iso si que non, tampouco. O castelán pode ser o idioma oficial do Estado; pero non é máis hispanol que o catalán, o galego e o vasco. Todas as linguas que se falan na Hespaña son igualmente hispanolas. E proclamamos esta verdade e nome do noso ideal hispánico.

En orde aos idiomas é indubidable que os desíños imperialistas do Centro caufoulláronse para pasaren como propósitos unha cultura máis universal. Poderíamos aceptar a bondade dos propósitos; pero negamos a súa eficacia. E negámosla, precisamente, en nome de todos os significados que poden atribuírse á verba "cultura".

A nosa demanda respecto para o idioma galego está recoñecida como xusta polo príncipe das letras castelánas, pois ben se vé no diálogo de Don Quixote co cabaleiro do gabán verde: "...Homero no escribió en latín, porque era griego; ni Virgilio no escribió en griego, porque era latino. En resolución todos los antiguos poetas escribieron en

la lengua que mamaron en la leche, y no fueron a buscar las extranjeras para declarar la alteza de sus conceptos; y siendo esto así, razón sería se extendiese esta costumbre por todas las naciones (os clásicos casteláns sempre chamaron "nacións" aos povos diferenciados da nosa Península; é dicir ás Hespañas), y que no se desestimase al poeta alemán porque escribe en su lengua, ni al castellano, ni aun al vizcaino que escribe en la suya". Cervantes defende por igual, o cultivo literario das linguas romances de Hespaña e até o euzkera, porque para ele o xenio non ten mellor vehículo que o da lingua que se mama no leite. E veláhi un testemoio de incomensurable razón á veira dos minguados xuízos que agora emite calquera literatoide de café en contra de renascencia de Galiza e Cataluña.

O idioma galego — xa diferenciado no século VIII — comeza a se escribir no século XII. Unha corrente lírica nativa — fecundada polos trovadores provenzaes? dá orixe á esgrevia e grande escola galega. Esta escola — mestura de xéneros populares e cortesáns — deixa momentos literarios que aínda non foron superados. A literatura galega percorre un ciclo completo e desaparece co século XV. Qué sucedeu para que o idioma galego — sempre vivo — deixara de escribirse? Sucedeu que Galiza foi vencida e asoballada polos Reis Católicos. Sucedeu que os documentos públicos deixaron de redactarse en galego, obedecendo — aínda que tarde — as ordeanzas reais. Sucedeu que a nosa Terra foi invadida por elementos sívís, eclesiásticos e militares da Corte, alleos ao país. Sucedeu que os señores da Ga-

liza foron obrigados a moraren en Castela, e o povo galego ficou, por decilo así, decapitado e fronte aos mandóns casteláns. Sucedeu que a Eirexa, esquecendo a súa misión divina, someuse ao padroádego dos reis de Castela e que os cregos e fraides — tamén alleos ao país — nen tansiquera consentiron que se rezase en galego. Sucedeu que os Bispos e Coengos eran feitairos dos Monarcas, e que os conventos e mosteiros galegos ficaron suxetos á obediencia de Valladolid. Sucedeu, en fin, que a Eirexa — reitora e fiscalizadora de todas as manifestacións do espírito — converteuse e axente do imperialismo. Castela, e polo tanto, en persecutora do noso xenio.

Qué ventaxas conqueiriu a política centralista, en orde á cultura hispana, impondo teimosamente o castelán ás demais linguas hispanolas? Logrou que durante tres séculos consecutivos non se producise na Galiza — como na Cataluña — ningunha obra de arte literaria. Galiza — como Cataluña — ficou muda; pero, por eso mesmo, tam pouco falou na lingua de Castela. Y en qué aproveitou a Hespaña o silencio literario, tres veces secular, de Cataluña e Galiza?... Coa imposición da lingua castelán non se logrou sustituir unha cultura por outra, e o fracaso da violencia uniformadora representa unha merca considerable na vida espiritual de Hespaña. Galiza — que falou e cantou mellor que ningún — calouse de atal maneira, que todos chegaron a crer que era muda de nacemento. Así Lope de Vega non tivo reparo en dicir: "Galicia nunca fértil en poetas..."

Cando un Mendez Pelayo se enorgullece, como respañol, da riqueza literaria de Hespaña, é porque coñece e admira todo canto se produxo — aparte a rara euzkera — nas tres linguas romances: castelán, catalán e galego. Contrasta esta posición co orgullo que provoca en outros espíritos a hexemonía do idioma oficial. A lingua de Castela froceceu no século XVI ningún pode negar que foi, dende entón, o idioma literario por excelencia; mais para esta xurdida e natural eclisión do Centro non era mester que calase Cataluña e Galiza. O xenio creador de

Castela ofreceu obras inmortais ao acervo cultural da Península; pero a inhibición ou impotencia do xenio de Galiza e de Cataluña non acrece os méritos da nación domiñante. Acaso perxudicou a Castela o libre desenvolvemento da lingua portuguesa? Porque Portugal seguiu falando libremente o seu idioma, e soupo dar, ao mesmo tempo que Castela, ensellos como Sa de Miranda, Ferreira, Camoes... Entendemos que a violencia asimilacionista do idioma de Estado foi un crime de lesa cultura.

Un povo sometido á loita de dous idiomas acaba por non saber espresar o que sente. Cando a un povo, que canta e fala unha lingua creada polo seu propio xenio, se lle impón a obriga de adoptar un idioma estrano á súa personalidade afectiva, prodúcese un esmorecemento do linguaxe, que comeza pola inhibición e remata pola impotencia. Estes trastornos que causa o bilinguismo empezaron a se estudar científicamente en Conferencias e Congresos internacionais. Así podemos afirmar — basándonos en estudos xa realizados — que a loita ou convivencia de dous idiomas irmáns "pode ser, como no orde biolóxico, factor dunha meirande perturbación". Fica, pois, explicado ese misterioso silencio que Galiza — como Cataluña — gardou durante tres séculos.

Compre deixar ben entendido que o verdadeiro povo de Galiza, o que vivía a carón da terra e do traballo, non sufren os trastornos do bilinguismo, porque non deixou de falar a súa fala e con ela seguiu espresando as tristuras e ledicias do seu mundo. As vítimas do bilinguismo — os que calaron i enmudeceron para producir un silencio literario de tres séculos — foron as camadas intelectuais, que non estimaban as verbas vivas do seu falar e admiraban as verbas mortas do seu escribir.

Un día retornou á nosa Terra un mozo galego que viña de Europa. Era un poeta do seu tempo, romántico, liberal. Cicáis se chamase Nicodemes Pastor Díaz. E de súpeto descubriu na fala labrega e mariñeira do seu país un xeito insuperable de expresión literaria. Aquel día rompeuse o silencio de Galiza. Despois nasceron Rosalía, Curros, Pondal...

Os Problemas Estroituraes Sociaes i Económicos do Campo Galego

Por Avelino Pousa Antelo

Falar de Galiza é falar do campo. Arredour dun 75% da súa poboación vive do campo ou do campo. A propiedade rural, esfarelada por sucesivas particións hereditarias, chegou a tal nivel de parcelación que dificulta enormemente, cando non anula, todo senso de explotación económica das propiedades agrarias.

Podemos definir a explotación agraria como unha unidade económica na que o campesiño practica un sistema determinado de produción pra outar un proveito. Esta unidade é o mesmo tempo, unidade de produción, socioeconómica, xurídica e de negocios. Dacordo coa superficie, a explotación agraria de Galiza encáixase nas chamadas propiedades moi pequenas, coa súa superficie menor de 5 Ha. por xunto.

A extensión media galega por propietario é de 3,55 Has. Lembramos de que en Cataluña é de 8,35; en Aragón de 12,60; i en Andalucía occidental, de 31 Has. Esta é a primeira gran dificultade pra conquistar a mellora do campo galego. As extensións son tan cativas que non poden producir abondo pra que os paisáns leven a vida que lles corresponde. Compre notar, ademais, que a metade destas propiedades son terras de monte, con arboleda ou xesteiras, que se aproveitan prás camas do gando.

Noutros países europeos de clima semellantes ó noso, e que moitas veces se tomaron como modelo pra preconizar a nosa transformación agraria — Holanda, Dinamarca, Suiza — a propiedade normal é de 10 a 20 Has. con tendencia a aumentala dende a II guerra mundial. Oxo considérase que a propiedade debe ter de 70 a 100 Has. iste dato exprica a complexidade do problema económico rural galego. As propiedades son pequenas por demais i están espalladas nunha serie de minúsculas parcelas arredadas unhas das outras, divididas por valados, corredoiras e sobes. Moitas están a gran distancia entre elas outro atranco mais asemade coa pequenez, pra crear unha chea de pleitos polas

servidumes ás que están sometidas.

O noso campo sostén unha poboación excesiva. Mentras os países máis adiantados axeitan a súa poboación ocupada no traballo da terra á produtividade xeral, mecanizan ultivos i empregan sementes escolleitas e abonos nas dosis oportunas, nós seguimos a soste un porcentaxe de poboación agrícola desmesurada, sin aumento da rentabilidade nin da produtividade. Aínda que as cifras non sempre son significativas, é aínda que se non deba confundir a poboación agrícola coa poboación rural, en caso que tódolos países europeos a relación entre a poboación agraria e a total non adoita pasar do 20%: Alemaña un 13%; Bélxica un 10%; Holanda un 15; Suiza un 16,3; Francia sobrepásoo, con 26,7% e tamen Irlanda con máis do 30. España tamen pasa do 30%. Mais Galiza anda arredour dun 70%.

Galiza é un dos países máis nidiamente definidos polas súas condicións xeográficas, económicas e humanas dentro do conxunto español. En ningunha outra terra de España se atopan eses caracteres tan eraramente delimitados coma eiqui aínda que a división administrativa actual — tanto a provincial coma a municipal — non se axusta a esa realidade nin tampouco a histórica.

Sobor dunha superficie de 29.093 Km² que ven ser o 5,8% da superficie española. Galiza sostén unha poboación equivalente ó 8,5% de total de España. Esta poboación, que no censo de 1860 é dicir, hai un século era de 1.830.608 h. foi medrando sin interrupción deica 1950, ao que acadou 2.600.200 h. mais dende entón está a baixar namentras o conxunto español medra a razón de 0,88% anual.

As provincias que máis acusan iste descenso son as de Ourense e Lugo, onde se orixina o meirande volume de emigrantes nista derradeira etapa. Con todo, nos anos desta década, o proceso parece terse xeneralizado en Galiza, abrangendo tamen as provincias da Cruña e Pontevedra,

onde o medre das vilas non chega a compensar o desmedre da poboación campesiña. Deste xeito a poboación calculada no estudo da renda provincial pra 1964 do Banco de Bilbao redúcese pra Galiza a 2.595.834 habitantes.

As densidades son de 121 habitantes por kilómetro cadrado na provincia de Cruña, 52 na de Lugo, 67 na de Ourense, e 153 na de Pontevedra. Pra Galiza resolta unha densidade media de 98 h. por Km² contra 56 h. Km² na España

Somentes teñen unha densidade maior do que Galiza tres rexións españolas: Canarias con 209 h. Km², Cataluña con 101, e Valencia con 99. Podemos pois considerar a Galiza como un país densamente poboado en comparanza co resto de España. Mais non en comparanza con outros países europeos xa citados, poisque podemos observar como Bélxica con 30.000 Km² sostén de unha poboación de preto de 9 millóns de habitantes. Holanda con 32.000 Km² anda nos 11 millóns. Dinamarca, con 44.000 Km² ten 4.800.000 h. a Bretaña francesa con 28.331, sostén unha poboación moi semellante á de Galiza, pro cunha renda por habitante de máis do dobre do que a nosa; a renda bretóna per cápita fora en 1957 de 550 dólares, namentras que a nosa fora somentes de 250 e tañamos en conta que a Bretaña está considerada dentro de Franza como unha rexión atzaxada.

A vista destes datos non podemos considerar a Galiza como un país superpoboado, senón como paispaís superpoboado, senón como un país subdesenvolado ou atrasado, isto é unha país que deica agora non poido aproveitar toda a riqueza potencial en recursos humanos i-económicos de que dispón. Os países europeos ós que fixemos referencia teñen unha agricultura vizosa, cun réxime de propiedades meirandes e mais rentables do que as nosas, e ó mesmo tempo unha industria tamen frocente que permite empregar a man de obra sobrante no campo e pagar ben os produtos agrícolas que o labrador outén.

Celso Emilio Ferreiro e Xosé L. Mendez Ferrin

Invitados pola comisión organizadora das Jornadas Patrióticas Galegas e a dos Xogos Frolais do Idioma Galego, respectivamente, estiveron de visita nesta cidade, o poeta Celso Emilio Ferreiro i-o escritor X. L. Mendez Ferrin. Ambos dous figuras relevantes da Galiza actual, comprometidos coa causa da súa liberdade nacional e representantes das dúas xeneracións que se suceden no tempo.

Moitas esperanzas i-entusiasmos reviviron en nós ao contatado destes dous homes extraordinarios. Dempois dos mouros comprobamos, ao traveso destes queridos irmáns, que a causa de anos de enxurrada falanxista, Galiza está salvada e s-ergue cunha forza asoballante no ámbito da Nosa Terra. "Non enterran mortos, enterran semente" A profecía do gran patriota estase cumprindo.

Celso Emilio Ferreiro é un poeta na tradición de Curros. E o autor do libro "Longa Noite de Pedra" a máis notábel produción lírica da Galiza presente, galardoado con toda xustiza nos devanditos Xogos Frolaes, por un belido poema de fondo patriótico. Fidel ao ideal dunha Galiza ceibe, vive desterrado en Caracas, por mor da cerril dictadura falanxista que asoballa aos povos ibéricos e denigra á condición humana.

X. L. Mendez Ferrin é un mozo

lanzal, plétórico de vida i entusiasmos políticos. Poderíamos dicir que sigue a liña de Castelao. A carón da súa obra de ensaista, pescuda no lonxano acervo dos cancioneros e verque a súa personalidade noutros xéneros literarios. E un patriota e loitador en potencia. E un home de pensamento moderno, coa visión clara dunha Galiza estruturada doutro xeito, con inquedanzas e ollada de futuro, arraigado no movemento que percura xustas reivindicacións sociaes. Fidel á liberdade política de Galiza, ele está en condicións d-encarnala con proxección de porvir. Sempre pensamos que toda causa de emancipación nacional, vai aparelada ao sistema político e social máis de vanguardia.

A conciencia de Galiza, polo que se ve, está viva e latexante nas novas xeneracións. e provocará a rebelión i-a loita apról da súa soberanía. Foi pouco o réxime mimético instaurado na península, superado historicamente polos países que o puxeron de moda para decretar a súa extinción definitiva. Unha conciencia nacional en marcha, endexamais cairá abatida pola forza brutal dun Estado apoiado nas baionetas, como pensaron nun intre os bárbaros hespanos. Pois unha conciencia nacional, nasce dun feito real e dunha verdade irredutíbel.

Impreso en COGOL • Encadernado en 1957 • 80000 Años